

As viaxes. As variantes contextuais

1 Pinta seguindo o código. A que medio de transporte se refiren?



Ao tren



Ao avión

estación

piloto

vía

pista

plataforma

pasarela
de embarque

maquinista

aeroporto

2 Escribe o nome de cada tipo de viaxe onde corresponda.

excursión • cruceiro • circuíto • safari

- ▶ Viaxe que se fai a bordo dun barco.
- ▶ Viaxe programada en que se visitan diversas cidades.
- ▶ Viaxe para ir ver animais salvaxes.
- ▶ Viaxe breve que se fai para coñecer un lugar próximo.

3 Relaciona con letras. De que documento se trata en cada caso?



- Documento que mercamos para viaxar nun medio de transporte e onde se indica o destino, o horario, o importe, etc.
- Documento que confirma que se contratou un hotel nunhas determinadas condicións.
- Documento de identidade persoal sen o cal non se pode viaxar a algúns países.
- Documento que cobre posibles problemas como perda de maletas, cancelación de voos...

VOCABULARIO

4 Marca. Cando dicimos que alguén é «unha persoa de mundo»?

- Cando é unha persoa que viaxou moito.
- Cando é unha persoa que viaxou pouco.



5 Clasifica estas expresións segundo indiquen un desprazamento longo (L) ou curto (C).

- A un tiro de pedra. No cabo do mundo.
- Onde dá a volta o aire. Á carreiriña dun can.

6 Escolle dúas expresións das anteriores e escribe unha oración con cada unha.

■

■

7 Cibrán estivo de viaxe e agora cóntalles a experiencia á mestra e a unha amiga. Completa a táboa coas palabras que usa en cada caso.



Cando fala coa mestra	Cando fala coa amiga
moi bonita	unha pasada
<input type="text"/>	moi pesada
marabillado	<input type="text"/>
<input type="text"/>	moloume